

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Saída Nº. 201500013079
23/07/15 09:51:01

RESOLUCIÓN REITORAL DO 22 DE XULLO DE 2015 POLA QUE SE CONVOCAN TRES PREMIOS TRABALLO FIN DE MÁSTER PARA O ESTUDANTADO DO MÁSTER DE DIRECCIÓN PÚBLICA E LIDERADO INSTITUCIONAL NO CURSO 2014/15.

Coa finalidade de recoñecer o esforzo, o traballo e a dedicación do alumnado que remata os estudos universitarios de máster cunha excelente traxectoria académica e en virtude das facultades outorgadas pola Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, do 12 de abril, de universidades e o artigo 58 do Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos desta Universidade, esta Reitoría RESOLVE:

1. Anunciar a convocatoria de tres premios traballo fin de máster para o estudantado do máster de Dirección Pública e Liderado Institucional da Universidade de Vigo, que finalizaron os seus estudos no curso 2014/2015.
2. Ordenar a publicación desta convocatoria nos taboleiros de anuncios do centro e no rexistro xeral e auxiliares da Universidade de Vigo.

Os premios solicitaranse no modelo oficial dende o día seguinte ao da publicación desta resolución ata **o 4 de setembro de 2015**.

As solicitudes presentaranse xunto coa documentación esixida nos lugares indicados no punto V da convocatoria.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso administrativo antes citado namentres non recaia a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, que modifíc a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións e do procedemento administrativo común.

Vigo, 22 de xullo de 2015


O reitor



Salustiano Mato de la Iglesia

Diligencia para facer constar que esta resolución se publica no taboleiro de anuncios dos rexistros da Universidade de Vigo.
Vigo 23 de xullo de 2015

O xefe da Área de Bolsas


Francisco Navaza Dafonte

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE TRES PREMIOS TRABALLO FIN DE MÁSTER PARA O ESTUDANTADO NO MÁSTER DE DIRECCIÓN PÚBLICA E LIDERADO INSTITUCIONAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO NO CURSO 2014/15.

Mediante esta normativa regúlase a convocatoria de tres premios do traballo fin de máster para o alumnado matriculado no máster de Dirección Pública e Liderado Institucional. Esta convocatoria publicarase no taboleiro de anuncios da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, no rexistro xeral e auxiliares e naspáginas webs do máster e da Universidade de Vigo.

I. OBXECTO

O obxecto desta convocatoria é galardoar ao estudantado do máster de Dirección Pública e Liderado Institucional que elaboraron brillantemente o seu traballo fin máster.

II. PERSOAS DESTINATARIAS

Estes premios convocanse en réxime de concorrencia competitiva e están destinados ao alumnado que presentase o traballo fin de máster no curso académico 2014/15.

III. INCOMPATIBILIDADES

Estes premios son incompatibles con calquera outros premios ou bolsas para a mesma finalidade convocados por calquera entidade pública ou privada.

IV. DOTACIÓN E PAGAMENTO

A dotación económica será a seguinte:

- 1º premio: 1.000€

- 2º premio: 600€

- 3º premio: 400€

Esta dotación estará suxeita a retención de I.R.P.F. que estableza a normativa vixente nesta materia.

Os fondos destinados a esta acción irán a cargo da partida orzamentaria 2015 0014 111LP90 484.09. O importe do crédito orzamentario retido para esta convocatoria ascende a 2.000,00€ para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.

Farase un pagamento único do premio concedido, que se aboará na conta bancaria indicada pola persoa beneficiaria no impreso de solicitude.

V. SOLICITUDE E DOCUMENTOS

O impreso de solicitude atoparan no páxina web <http://www.uvigo.es> no apartado Axudas e é o que figura como anexo I nesta convocatoria.

O prazo de presentación de solicitudes remata o **día 4 de setembro de 2015**.

As persoas aspirantes deberán presentar o modelo oficial de solicitude no rexistro xeral ou auxiliares da Universidade de Vigo ou en calquera dos lugares indicados no apartado 4 do artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Xunto coa solicitude, deberán achegar os seguintes documentos:

- A ficha persoal de pagamentos (segundo o modelo do anexo II).
- A fotocopia do NIF, NIE ou pasaporte en vigor.

- A copia do expediente académico do máster.

Ás persoas solicitantes tamén se lles poderán requisir aqueles outros documentos que fosen precisos para aclarar os datos necesarios para o outorgamento da axuda.

Os datos persoais recollidos na solicitude teñen carácter obligatorio e serán tratados pola Universidade de Vigo para a organización da docencia e o estudo, así como para o exercicio das demais funcións propias do servizo público de educación superior, reguladas na Lei orgánica de universidades e nos Estatutos da Universidade de Vigo.

A persoa solicitante está de acordo en que os seus datos persoais sexan recollidos, tratados e, de ser o caso, cedidos para os seguintes fins: a xestión administrativa e académica do seu expediente; a oferta e a prestación de servizos universitarios; a realización de estatísticas, proxectos de investigación, evaluacións e enquisas; o seguimiento dos servizos universitarios prestados; así como a realización de accións destinadas ao fomento do emprego e a prácticas en empresas.

O responsable do tratamento destes datos é a Universidade de Vigo. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao seu tratamento exercitaranse ante a Universidade de Vigo no seguinte enderezo: Edificio de Xerencia-Servizos Centrais, campus universitario, s/n 36310 Vigo (Pontevedra), de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

VI. SELECCIÓN

Recibidas as solicitudes polo coordinador do máster, establecerase un **prazo de cinco días hábiles** para emendar os erros e achegar a documentación requirida a partir da publicación da listaxe do alumnado admitido e excluído provisional que será publicada nos taboleiros da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, no rexistro xeral e auxiliares e na páxina web da Universidade de Vigo.

Unha vez emendados os erros a listaxe do alumnado admitido e excluído definitiva farase pública nos taboleiros de anuncios do Centro e no rexistro xeral e auxiliares da Universidade de Vigo.

A selección das persoas beneficiarias dos premios será efectuada por unha Comisión formada polos seguintes profesores con docencia no máster:

- Don Alvaro Xosé López, que será o presidente.
- Dona: Ana Dopico Parada, que será a secretaria.
- Don Celso Cancela Outeda e don Xosé Mahou Lago, como vogais.

Os criterios a ter en conta para a adxudicación dos premios serán os seguintes:

- A puntuación obtida no traballo fin de máster

En caso de empate dirimirase en función dos seguintes criterios:

1. O grao de innovación, orixinalidade e a adecuación ao tema proposto.
2. A nota media do expediente académico do máster.

Rematado o proceso a Comisión de Selección elevará o acordo á Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado. Os premios serán adxudicados por unha resolución reitoral que conterá as persoas adxudicatarias dos premios e o resto dos candidatos, coas puntuacións obtidas. Esta resolución reitoral, publicarase nos taboleiros de anuncios do centro, no rexistro xeral e auxiliares, e na páxina web da Universidade de Vigo .

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non cabrá interpoñer o recurso contencioso administrativo antes citado namentres non recaia a resolución expresa do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, que modifica a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións e do procedemento administrativo común.

VII. OBRIGAS

As persoas adxudicatarias dos premios teñen a obriga de comunicar a adxudicación doutros premios ou axudas concedidas para a mesma finalidade.

ANEXO I

CONVOCATORIA DE PREMIOS DE TRABALLOS FIN DE MÁSTER DE DIRECCIÓN PÚBLICA E LIDERADO INSTITUCIONAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO

IMPRESO DE SOLICITUDE

APELIDOS:			NOME:		
NIF:		ENDEREZO:			
POBOACIÓN:			PROVINCIA:	COD. POSTAL:	
TLF FIJO:		TLF MÓBIL:		E-MAIL:	
MATRICULADO/A EN:					

Nota: Co gallo de facilitar a comunicación de maneira persoal, é indispensable cubrir o teléfono móvil ou enderezo de correo electrónico en letras maiúsculas.

DOCUMENTACIÓN ENTREGADA

- 1.-Certificación académica dos estudos de máster
- 2.-Resgado de matrícula no máster do curso 2014/15
- 3.-Ficha persoal de pagamentos (segundo modelo da páxina 6)
- 4.-Fotocopia do NIF, NIE ou pasaporte en vigor
- 5.-Solicitude de compatibilidade con outras premios concedidas para os curso 2014/15

DECLARACIÓN XURADA

O abajo asinante, manifesta que todos os datos da solicitude e documentos achegados para aos premios do traballo fin de máster, para o alumnado do máster de Dirección Pública e Liderado Institucional da Universidade de Vigo son verdadeiros e entende que coñece todos os termos da convocatoria.

Vigo, de 2015

Sinatura

VICERREITORA DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

ANEXO II

DOMICILIACIÓN BANCARIA

DATOS PERSOAIS

NIF/NIE: (Xuntar fotocopia) _____

APELIDOS E NOME: _____

ENDEREZO: _____

CÓDIGO POSTAL: _____ LOCALIDADE _____
_____ :

PROVINCIA: _____ TLF: _____

CORREO ELECTRÓNICO:

En _____ , _____ de _____ de 201 ____

(SINATURA)

DATOS BANCARIOS - IBAN

			ENTIDADE	OFICINA	D.C.	Nº DE CONTA (dez díxitos)													
E	S																		

(cumprimentar todos os díxitos do IBAN)

NOME DO BANCO:

ENDEREZO DO BANCO:

SINATURA E SELO DO BANCO: